



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 2 DE ABRIL DE 2018

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS</p> <p>D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D.ª LAURA PIÑEIRO MONTES D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as nove horas do día dous de abril de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Disculpa a súa asistencia M^a Ibera Teijeiro Sanjuan</p>
--	--

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 22 DE FEBREIRO DE 2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e dous de febreiro de dous mil dezaoto

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2. CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 E FINAL DA OBRA "PAVIMENTACIÓN VÍAS MUNICIPAIS OS CALZADOS - SAN BOULO", INCLUÍDA NO POS + 2017. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción da certificación número 2 e final da obra denominada "Pavimentación vías municipais Os Calzados - San Boulo", incluída no POS +2017, que ascende á cantidade de cincuenta e un mil cento noventa e tres e vinte e cinco céntimos de euro(51.193,25€) IVE incluído.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Dí o Sr. Alcalde-Presidente que houbo retrasos na obra como consecuencia de actuacións non contempladas no Proxecto así como das inclemencias metereolóxicas que impediron que a obra rematase no prazo establecido, ademáis o prazo de execución previsto no proxecto que era de seis semanas é moi curto para este tipo de proxectos, que normalmente está establecido entre os 4 e os 6 meses.

Polo voceiro do Grupo de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, faise constar que o seu grupo non téñ nada que dicir con respecto a este asunto.

Polo voceiro do Grupo Mixto – Partido Popular, D. Santiago Meizoso Permuy, manifestase que a empresa ten que cumprir as súas obrigas establecidas no contrato e entre elas facer a obra no prazo establecido. Dí que o equipo de goberno deixou pasar o tema sen facer nada xa que en decembro con motivo da aprobación da certificación número 1 desta obra xa se fixo constar que a empresa estaba incumprindo o prazo de execución.

Polo Sr. Alcalde- Presidente dise que o que vale é que a obra esté rematada e ben feita, e en todo caso atendendo ao informe do técnico municipal o Grupo Municipal do P S de G- PSOE, vai a votar a favor da aprobación da certificación de referencia.

Sometido o asunto a votación, o pleno da corporación, por maioría de votos (5 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a do Grupo Municipal do P S de G- PSOE e 3 abstencións dos Sres. Concelleiros dos Grupos Municipais de AIAC e Mixto – PP), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar a certificación de obra número 2 e final da obra denominada "Pavimentación vías municipais Os Calzados- San Boulo", incluída no POS +2017 e que ascende á cantidade de cincuenta e un mil cento noventa e tres e vinte e cinco céntimos de euro(51.193,25€ IVE Incluído).

2º. Remitir a mesma xunto coa documentación xustificativa de execución de obra ao Servizo de Xestión de Planes-Planes Provinciais da Deputación Provincial da Coruña.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as nove cinco minutos, de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Manuel Meizoso López

José Antonio Meizoso Paz

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).